



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
Delegación Provincial de Ourense  
Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental

r/. Paseo, 18 - 4.º  
32003 - OURENSE

CAR. 01108/07

|  |               |
|--|---------------|
| REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA   |               |
| CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE<br>Delegación Provincial de Ourense |               |
| Data   | 30 XULL. 2007 |
| N.º ENTRADA  | N.º SAIDA     |
|  | 6053          |

Aglomerados Y Construcciones  
Valdeorras Sa(Acoval)  
Rúa Marcelino Suare 43 (32010) -  
Barco De Valdeorras (O) (Ourense)

**RESOLUCIÓN de inscripción como transportista de residuos non perigosos de orixe industrial no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia**

Núm.do expediente: 2007-OU-I-00121

En relación coa notificación presentada por D./D.ª **\*\*Domingo\*\* \*\*Rodriguez\*\* \*\*Gonzalez\*\***, como representante legal da empresa **Aglomerados Y Construcciones Valdeorras Sa(Acoval)** (CIF: A-32008039), con enderezo social en Rúa Marcelino Suare 43 (32010) - Barco De Valdeorras (O) (Ourense), esta Delegación Provincial- Servizo de Calidade Ambiental incoou o oportuno expediente de acordo cos seguintes ANTECEDENTES:

**Primeiro.-** Con data de rexistro de entrada 17-07-2007 a empresa notificou que realiza a actividade de xestión de residuos non perigosos de orixe industrial que consiste na recollida e transporte dos mesmos. Xunto coa notificación presentou a documentación esixida polo Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

**Segundo.-** O día 19/07/2007 a empresa acreditou ter realizado o aboamento da taxa administrativa correspondente á inscripción no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

**Terceiro.-** No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites regulamentarios previstos na normativa aplicable.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

Esta Delegación é competente para coñecer a petición formulada, de conformidade co establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no Decreto 174/2005 do 9 de xuño, e no Decreto

01/2006, de 12 de xaneiro, modificado por Decreto 99/2007 de 24 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Por todo o anterior, esta Delegación Provincial, no exercicio das competencias que ten atribuídas,  
**RESOLVE:**

Inscribir á empresa **Aglomerados Y Construcciones Valdeorras Sa(Acoval)** (CIF: A-32008039), con enderezo social en Rúa Marcelino Suare 43 (32010) - Barco De Valdeorras (O) (Ourense) co número: OU-I-NP-XRT- 00010 no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia para realizar a actividade de **recollida e transporte de residuos non perigosos de orixe industrial**:

Todo elo de acordo coas seguintes condicións:

**PRIMEIRA:** En todo momento deberá cumprir as prescricións que sobre residuos se establecen na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, así como en cantas disposicións fosen dictadas ou se dicten na Administración do Estado e na Administración da Xunta de Galicia en materia de residuos.

**SEGUNDA:** A recollida e o transporte de residuos deberase realizar cos medios e as condicións axeitadas a natureza do residuo e conforme coa normativa de transporte por estrada, adoptando as medidas necesarias para que o traslado se realice en condicións de seguridade e hixiene.

**TERCEIRA:** Os residuos poderanse transportar unicamente ata os xestores de residuos autorizados.

**CUARTA:** Esta inscrición outórgase sen prexuízo das licenzas e autorizacións esixibles para exercer a actividade polo ordenamento xurídico.

**QUINTA:** O incumprimento dos termos desta autorización ou da normativa de aplicación, poderá dar lugar á incoación do expediente sancionador previsto na Lei 10/98, do 21 de abril, de residuos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
Delegación Provincial de Ourense  
Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental

r/. Paseo, 18 - 4.º  
32003 - OURENSE

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro (LRX-PAC).

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da LRX-PAC.

Ourense, 27 de Xullo de 2007

O DELEGADO PROVINCIAL



Francisco José Fumega Piñeiro

**Nota Informativa:** Poderá vostede consultar en tempo real a tramitación do seu expediente e a/s autorización/s inscrición/s da súa empresa no Rexistro xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia dándose de alta como usuario en SIRGa (Sistema de Información de Residuos de Galicia; <http://sirga.medioambiente.xunta.es>)